

Resolución pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso de selección para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do Programa Oportunius dentro do Dominio ERC de Ciencias Sociais e Humanidades

Por Resolución do 30 de outubro de 2020 (DOG núm. 20, 1 de febreiro de 2021) anunciouse a convocatoria para a cobertura de un posto de persoal investigador distinguido para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación, no marco do Programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Sociais e Humanidades

O artigo 11 das bases reguladoras desta convocatoria establece que o Tribunal de Selección nomearase por resolución da dirección da Axencia Galega de Innovación. En virtude do anterior, esta dirección

DISPÓN

Nomear como membros do Tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para a cobertura do posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC no marco do Programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Sociais e Humanidades, ás seguintes persoas:

Presidencia:

Carlos Hervés Beloso, catedrático do Departamento de Matemáticas e Xefe de Grupo de Investigación en Análise Económico na Universidade de Vigo.

Vogais:

Coral del Río Otero, catedrática do Departamento de Economía Aplicada na Universidade de Vigo.

María L. Loureiro García, catedrática de Fundamentos da Análise Económica na Facultade de CC. Económicas da Universidade de Santiago de Compostela.

Secretaría, con voz pero sen voto:

Benito R. Fernández Rodríguez, director da Área de Xestión da Axencia Galega de Innovación.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente na data que consta na marxe

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

